

Varia

Cartas de Luciana Stegagno Picchio (1920-2008) a Ramón Piñeiro (1915-1990) e outros textos

Xesús ALONSO MONTERO

Universidade de Santiago de Compostela
Departamento de Filoloxía Galega

[Recibido, febreiro, 2009 aceptado, marzo, 2009]

1. NOTA BIBLIOGRÁFICA

Luciana Stegagno Picchio pertence ó mapa das grandes figuras da Filoloxía europea do século XX. A súa inxente e polifacética obra proba a súa cultura, a súa curiosidade intelectual e o perspicaz que foi nos seus xuízos cando se enfrontou a textos ou feitos literarios problemáticos para moitos. Son varias as súas especialidades: a lírica medieval galego-portuguesa, os estudos camonianos, a literatura brasileira do XX, o teatro portugués desde as orixes ós nosos días e os estudos persoanos. Cómpre sinalar que fixo interesantes incursións noutros eidos: en 1953 traduciu ó italiano Yerma, de García Lorca; en 1957 asomouse ás orixes do teatro catalán; en 1959 abordou “La questione della lingua in Portogallo (s.XVI)”, etc.

En non poucos dos seus traballos sobre os máis diversos textos, a filóloga Stegagno establece con brillantez os criterios metodolóxicos, especialmente no libro *La Méthode Philologique. Ecrits sur la littérature portugaise*. I. *La Poesie*. II. *La Prose et le Théâtre*, Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian, 1982 (cun prefacio de Roman Jakobson). Luciana Stegagno é autora, tamén, dun excelente poemario: *La terra dei lotofagi / Poesie con note*, Milano, All'Insegna del Pesce d'Oro, 1993.

No prefacio mencionado, Roman Jakobson considéraa “a gran partisana do método”:

La belle philologie totale, sous la sorcellerie de cette grande partisane de la méthode qu'est Luciana Stegagno Picchio, se révéle ainsi comme science capable de “lire” les textes dans toutes les phases de l'interprétation, en commençant par la critique textuelle et en aboutissant à une lecture

seimiotique dans le sens le plus ouvert de l'expression (p. VIII)

Naceu Luciana Stegagno Picchio en Alessandria (Piemonte) o 26 de abril de 1920 e faleceu en Roma o 28 de agosto do 2008. Foi catedrática de Lingua e literatura Portuguesas na Universidade “La Sapienza” (Roma) desde 1969 a 1996, data na que foi nomeada profesora emérita. Co gallo da súa morte, foron moitos os que lembraron as súas actividades antifascistas, nalgúns casos de axuda eficaz a comunistas e socialistas portugueses exiliados en Italia. Un antifascista italiano e eminente escritor, Antonio Tabucchi, que foi alumno da ilustre filóloga, escribiu co gallo do seu pasamento (traduzo):

Na cátedra estaba unha señora bela e elegante que, coa voz que merecen ser lidas as grandes poesías, lía un poema antigo da Idade Media portuguesa, contemporáneo da Escola Siciliana, que falaba da separación e nostalgia... (era unha cantiga de Martín Códax)

2. COMEZA O DIÁLOGO ENTRE LUCIANA STEGAGNO E RAMÓN PIÑEIRO

Das 24 cartas que a filóloga italiana lle escribiu ó ensaísta galego¹, a primeira data do 18 de xullo de 1974, xa ela unha autoridade en varios saberes, especialmente no da lírica galego-portuguesa. Xa publicara a monografía sobre *Martin Moya* nun volume coa edición crítica de *Le poesie*, que son vinte (Roma, Edizioni dell'Ateneo, 1968). Antes publicara “In margine all'edizione di antichi testi portoghesi” na revista *Studi mediola-*

¹ Catalogadas polo arquivista Benito Ramírez Abal (Fundación Penzol).

tini e volgari (Roma, 1960, pp. 255-73), traballo que Manuel Rodríguez Lapa reseñou no número 11 de *Grial* (1966, pp. 108-110).

Este é o primeiro texto do epistolario:

Roma, 18-7-1974

Meu caro Amigo Dr. Ramón Piñeiro:

Muito lhe agradeço a sua longa carta “galega” de há uns meses (não tem data, mas eu sei que chegou há muito tempo). Era fácil dizer que não respondi até agora porque os correios italianos não funcionan. Mas não é verdade. Demorei a resposta até hoje porque a vida dos professores na Itália tornou-se insuportável e já não temos as nossas fases de meditação e descanso para falar com os amigos. Desculpe. Agradeço —lhe todas as informações que me deu sobre a “renascença” literária de galego— Vou colaborar, logo que seja possível e que eu tenha qualquer coisa de digno, à vossa prestigiosa revista. Por enquanto, como na Universidade de Roma pensamos incrementar no próximo ano o “ficheiro” relativo a estudos portugueses, brasileiros e galegos que se está a publicar na nossa Revista “Cultura Neolatina”, muito agradecia aos amigos galegos o envio de qualquer livro ou publicação que possa “alimentar” o ficheiro galego. O “Schedario” compreende uma notícia (desde 5 até 50 linhas) do livro ou ensaio e, quando vale a pena, um rápido juízo crítico. Grata pela atenção e com os melhores cumprimentos da amiga

Piñeiro, sen dúbida coñecedor da autoridade que ten Luciana no universo dos estudos portugueses e brasileiros, ofrécelle, a filóloga tan erudita, a oportunidade de completar ese universo facéndolle ver que existe a póla galega². É mágoa que non coñezamos a carta de Piñeiro na que lle fornece “todas as informacións... sobre a ”renascença literaria do galego”.

En calquera caso, o entusiasmo de Piñeiro (“o entusiasmo frío”, que dicía don Ramón Cabanillas) arrinca de Luciana unha oferta para colaborar na “vossa prestigiosa revista”. Refírese a *Grial*, á que, en realidade, só enviou unha colaboración, o xuízo que a revista lle merecía no seu decenario (1963-1973). Publicado no número 43 (xaneiro de 1974) co título “Unha construción sólida e de una grande coherencia (pp.69-80), a Luciana non se lle escapan estas tres características:

(12) “... conquistou nestes dez anos un lugar propio... na biblioteca do filólogo, do estudioso da literatura e do sociólogo interesado nos problemas das minorias”

(13) “... consegue mobilizar e agrupar estudiosos... á volta de un único obxectivo: o de requalificar en dirección galega as actividades sociais e culturais da Galiza”

(14) Salienta o “peso, de modo especial do ensaio filosófico ou científico”, para concluir: “Efectivamente, é como se este último tomasse pela maó a lingua galega e, tirando-lhe o avelal da quotidiana aparición agrícola e campesina, lle pusesse vestes de intelectual aptas a facilitar o seu coloquio em réxime de igualdade com interlocutores de qualquer nível cultural”.

Filóloga gramsciana, non omite esta observación. “... a Galiza não é a Catalunha, que não se encontram na base do novo renascimento galego fortes intereses económicos burgueses como os que sustentam o renascimento e a maravilhosa florescência literaria do catalao”

Sorpreendentemente, non chegou a enviar para *Grial* outra colaboración. Dito isto, debo aclarar que a ilustre filóloga ten un certo tipo de presenza no número 34 (1971), que reproduce (en portugués) o artigo de Ramón Jakobson “Carta a Haroldo de Campos sobre a textura poética de Martín Códax”. É a análise que o sabio lingüista ruso fixo da quinta das cantigas do poeta medieval vigués (“Quantas sabedes amar amigo”). O estudo reproducido en *Grial* comeza reconecendo unha débeda:

Foi Luciana Stegagno Picchio quem, com seu indefectível gôsto literário, chamou a minha atenção para as fascinantes cantigas do trovador galego-português (p. 392).

Non foi esta a única colaboración da profesora Stegagno con Roman Jakobson, autores, en 1970, do ensaio “Os oxímoros dialécticos de Fernando Pessoa”.

Na segunda carta (Roma, 28-1-1975), Luciana agradécelle a Piñeiro a *Almanaque*, volume no que Galaxia conta e comenta os 25 anos da súa existencia. A filóloga confesa que está a “saboreá-lo com interesse” e engade que pensa “fazer um trabalhinho sobre ”A renascença da cultura galega” para a nossa revista”³. Que se saiba, non chegou, se o fixo, a publicalo.

² É unha idea exposta, persuasivamente, por Piñeiro no VI Coloquio Internacional de Estudos Brasileiros na Universidade de Harvard. A ponencia, co título “Galicia nos estudos luso-brasileiros”, recóllese en *Grial*, 18, 1967, pp. 457-59.

³ Trátase de *Quaderni Portoghesi*, dos que era directora.

3. SEGUNDO ENCONTRO

En carta do 24 de xuño de 1975, comunícalle a Piñeiro que chegará “de carro” a Santiago a fins de xullo e que gustará “muito encontrar... o meu amigo e os amigos escritores de que me fala”. E así foi.

Ofrezoo enteira a carta seguinte, xa ela en Roma (3-10-1975)

Meu caro Amigo Ramón Piñeiro

Começaram hoje a chegar aquí os libros, belísimos, que procurámos juntos em Santiago. Toda a Galicia resurje-me neste momento e eu dei-me conta de que não tinha mais escrito a Você, que não lhe tinha agradecido o amabilíssimo acolhimento em Santiago, a companhia, o conhecimento da sua família e tudo. Desculpe. Viver é muito perigoso e às vezes difícil. E este verão, depois da minha saída daí, a vida não foi fácil para mim.

Em qualquer caso, os dias de Santiago ficaram como uns dos melhores da vida. Tivemos, lembre-se?, o desejo de não sair mais daí.

Dé um grande abraço a sua família. Conserve-me a sua amizade, agora muito mais real depois do nosso encontro.

Escreva-me e mande-me coisas da Galiza: ou mesmo da Espanha. Nestes dias a Espanha está em cima dos nossos pensamentos. E todos estamos juntos de Vocês.

Eu vou estudar galego. Depois escreverei.

Um grande abraço

de amiga sempre

Luciana, que non fai literatura gasalleira, quedou marcada por Santiago (léase, en boa parte, pola experiencia do encontro con Ramón Piñeiro). Pero estamos en outubro de 1975, en plena agonía física de Franco, circunstancia que condiciona as últimas palabras da veterana antifascista: “Nestes días España está em cima dos nosos pensamentos. E todos estamos juntos de Vocês”.

Despídese cunha promesa: “Eu vou estudar galego” Sen dúbida, quedara impresionada pola personalidade de Ramón Piñeiro. Nunha carta pouco posterior (10-11-1975), a filóloga antifascista despídese deste xeito: “Aquí todos continuamos pensando em Vocês. Nos duele España” (Parafrasea o unamuniano “Me duele España”).

Lémbrese que aínda “vive” Franco, que morrería dez días despois.

Meses despois, Piñeiro, no seu afán de contar co ilustre nome de Luciana Stegagno Picchio como valedora da causa da nova “renascença galega”, mándalle, de novo, “material... com o fim de me ”convencer” de que o galego existe (7-5-1976). Ela, convencida e xentil, acláralle:

Pois claro que existe. Nunca eu tiven dúbidas ou disse o contrário. Só tive medo em que essa existencia fosse “dirigida” demais. Mas vamos falar muito nisso porque vou estudar mais o problema e todos os livros que levei daí.

Na seguinte carta (22-8-1977), despois de atopárense no Brasil, precísalle que aumentou “nossa amizade”. Pasados poucos días, Luciana xa atúa a Piñeiro:

Roma, 16 settembre 1977

Caro Amico Ramón:

La posta che in Italia funziona malissimo, como del resto tutto, mi porta solo oggi la tua lettera del 28 del agosto e le fotocopie di Pero Meogo. Grazie infinite. Mas estou a reparar que escrevo em italiano. Desculpa.

No entanto tu terás recibido a minha carta de 22 de Agosto com as propostas galegas.. Então esta de hoje é só para te dizer obrigada e continuar a esperar a tua outra carta que não poderá tardar.

Às vezes imagino a vida como uma praia, ou como um mercado, ou como uma praça em que a gente se encontra. Depois há lá no fundo um castelo, em que a gente “guarda” as lembranças, as coisas, os amigos que fazem parte da “sua” vida.

Tu estás no castelo.

Um abraço

de Luciana

O final é digno de quen escribía literariamente con moito xeito.

Piñeiro, que non só contestaba ás cartas, lía, case sempre, os libros (¡moitos!) que os seus correspondentes lle enviaban. Cónstame que hai cartas súas que deberían ser publicadas como páxinas de crítica literaria ou cultural. Supoño que unha desas cartas foi escrita cando leu *A lição do texto*⁴, un dos grandes libros de Luciana, lectura que ela lle paga con estas palabras:

Obrigada por ter lido o meu libro e por todas as coisas bonitas que me disseses. A final tinha a cara vermelha (12-2-1980)

⁴ A lição do texto. Filologia e Literatura.I. Idade Media, Lisboa, Edições 70, 1979.

Sorprende que *Grial* non reseñe este libro, recensión que suxire a propia autora nesa mesma carta (“... se saisse uma resenha do livro, talvez em *Grial*...”). Non atopou Piñeiro a persoa idónea? Eu, algún tempo despois, publiquei un entusiasta comentario⁵.

Tamén sorprende que *Grial* non publicase o chamamento que Luciana, como directora de *Quaderni Portoghesi*, lle enviou ó propio Piñeiro con destino á revista. Na breve carta adxunta faille esta aclaración: “Precisamos por razóns económicas” (13-7-1980)

Días antes, enviáralle esta breve misiva (20-6-1980):

Apresento-te a minha aluna Mariagrazia Russo, que vai a terras de Galiza procurar rastros do trovador Pedro de Ver.

Tu és a única pessoa que a pode ajudar e que talvez sabe tudo sobre o nosso homem.

Non era Piñeiro un especialista en lírica galego-portuguesa, pero cónstame que tiña amplos coñecementos, ademais de criterio, razón pola cal foi escoitado con atención máis dunha vez por medievistas tan importantes como Celso Ferreira da Cunha, Anna Ferrari, Elsa Gonçalves... Luciana, nesta ocasión, puña o pandeiro en boas mans.

4. ENCONTRO EN TRIER: 13, 14 E 15 DE NOVIEMBRE DE 1980

Este encontro entre a filóloga italiana e o pensador galego produciuse nun marco, nun tempo e nunhas circunstancias que consolidaron e estimularon, para sempre, a relación profesional e “cívica” entre ambos os dous. Foi co gallo do “Coloquio científico internacional sobre Tradición, Actualidade e Futuro do galego”, celebrado nesas datas na Universidade de Trier, anfitriona e organizadora do singular Coloquio. Eu, que fun un dos participantes, publiquei, días antes, un artigo titulado (“pro domo mea”) “Filólogos galegos a Tréveris (Tréveris de Prisciliano e de Carlos Marx)”⁶. Finalizaba deste xeito:

O cronista... vai a Tréveris cunha miguiña de emoción no peito. En Tréveris foi executado no ano 385 o noso herexe Prisciliano, e en Tréveris

naceu o ano 1818 aquel gran filósofo da historia que se chamou Karl Marx.

En Tréveris, berce de Marx e campa de Prisciliano, a Filoloxía, o amor á palabra ten vellas raíces. Do herexe, de Prisciliano, conta un ilustre inimigo seu que era moi abelencioso na declamación e na disputa, e que engaiolaba a altos e baixos coa súa elocuencia. Do anticapitalista, de Marx, contan as crónicas menos solidarias que era gran lector de libros e gran amador de escritores. Foi amigo do poeta Heine, era capaz de recitar en inglés centos de escenas de Shakespeare (nas noites literarias do seu fogar) e gustaba de ler, nos veráns, as obras de Esquilo en grego, en grego clásico.

Un e mailo outro, o herexe da Teoloxía e o herexe da Filosofía, sabían da palabra e amábana. En Tréveris, campa do teólogo galego e berce do filósofo alemán, paisaxe destes dous excelsos “Iletraferits”, dúas ducias de filólogos de moi distintas terras vanse enfrontar coa tarefa de examinar o pasado, o presente e o porvir do noso aqueloutrado idioma.

Nesas datas, eu aínda non trataba persoalmente a Luciana Stegagno, pero admiraba a súa obra, especialmente o seu estudo e edición de Martín Moxa, “libro fundamental sobre unha das voces críticas máis rexas da Idade Media”. De feito, neste artigo “prologal”, só citaba, entre os filólogos cos que me ía atopar en Trier, a Luciana Stegagno.

A volta do magno congreso, publiquei o artigo “Filólogos galegos en Tréveris (Trier)” cun apéndice que reproduzo⁷:

Programa do coloquio por orde de actuación

- Constantino García: “Informe sobre as actividades do Instituto da Lingua Galega”.
- Ramón Piñeiro: “A revista *Grial*”
- Xosé Filgueira Valverde: “O Museo de Pontevedra e a cultura galega”
- José Luis Pensado: “A lexicoloxía galega no século XVIII”
- Harri Meiler: “A posición do galego na etimología românica”
- Ramón Lorenzo Vázquez. “Proxecto dun dicionario histórico galego”
- Manuel de Paiva Boléo: “Relatório sobre o interese do material do I.L.B. para o estudo dos falares da fronteira galego-portuguesa”

⁵ Luciana Stegagno: “Filoloxía á italiana”, *Faro de Vigo*, 28-11-1980. (Reproducido en *Escritores*, Edicións do Castro, 1981, pp. 178-82).

⁶ *Faro de Vigo*, 7-11-1980 (Recolecto no libro citado, pp. 114-16).

⁷ *Faro de Vigo*, 21-11-1980 (Reproducido no libro citado, pp. 117-82).

- Antón Santamarina: “A investigación dialectolóxica do galego”
- Luciana Stegagno Picchio. “A investigação sobre os Cancioneiros”
- Benito Varela Jácome: “As orixes da literatura contemporánea”
- Benito Varela Jácome. “A literatura galega do noso tempo”
- Elsa Gonçalves, Anna Ferrari e M.^a Ana Ramos: “Geografía da lírica galego-portuguesa”
- Xosé Ramón Barreiro Fernández. “Sinais do acontecer histórico de Galicia”
- Xesús Alonso Montero: “Situación socio-política do galego”

Actuaron como coordinadores dos debates: Yohannes Hubschmid, Harri Meiler, Dietrich Briesemeister e Walter Mettmann.

Houbo outras presenzas, entre elas o brasileiro Celso Ferreira da Cunha, moi agudo sempre nos coloquios, e Joseph M. Piel, que presidiu as xornadas con sinxeleza e sabedoría. Asistiu, para clau-suralas, o Grupo Universitario de Cámara da Universidade de Santiago, que interpretou as cantigas de Martín Códax, para deleite de todos, especialmente do profesor Ferreira da Cunha, o seu benemérito editor en 1956. O filólogo máis presente foi o profesor Dieter Kremer, da Universidade anfitrióna, organizador do “Coloquio”.

Quen, estando anunciado, non asistiu, foi o profesor Manuel Rodrigues Lapa, aínda que leu a súa ponencia o profesor Piel, ponencia que suscitou réplicas claras por parte dos congresistas galegos e non galegos, disconformes coa proposta de que Galicia ten que optar, nas manifestacións lingüísticas cultas, por un idioma tan desgaleguizado que coincida no esencial (e, mesmo, no accidental) co portugués estándar. Os congresistas de Trier concordaban coa réplica que no seu día xa lle fixera Ramón Piñeiro⁸, nesta ocasión —a de Trier— moi discreto, case calado. Foron outras voces, especialmente a miña, as belixerantes⁹.

Trier foi unha festa: no amor á Palabra (que iso é a Filoloxía), na admiración a mestres xa míticos e na emoción con que algúns congresistas —Luciana, Anna Ferrari, eu— visitamos a casa natal de Marx. Os pouco esquerdistas, como Xosé Ramón Barreiro, e os moi distantes do marxismo, como Ramón Piñeiro, tamén nos acompañaron. Non sei se foi ese día ou outro, despois da cea, un grupo de coñecedores da nosa lírica medieval, presididos polo talento e o encanto de Luciana Stegagno, compuxemos, colectivamente, tres ou catro cantigas de amigo, que alguén debe ter nun caderno de notas. Non interviña Piñeiro pero estaba atento e comprado de asistir a esta rexouba poético-erudita nunca citada polos cronistas do noso neotrovadorismo.

No artigo citado eu lembraba dun xeito especial á gran filóloga italiana:

Cómpre destacar, neste grupo de medievalistas, a presenza de Luciana Stegagno Picchio, autora de case un cento de traballos sobre estes temas, autoridade que ninguén discute. Alí estivo dende o primeiro día coa súa palabra precisa, viva, culta, orientadora (Axiña comentarei nesta sección¹⁰ o seu estupendo e agudo libro *A lição do texto*)

5. DESPOIS DE TRIER

Un mes despois da clausura do Coloquio alemán, Luciana, aínda emocionada polas xornadas galegas, escribelle a Piñeiro (Roma, 15-12-1980):

Caro Ramón:

Esta é a carta de Natal. Bom Natal, Ramón, bom Natal para ti e toda a tua familia. Bom Natal para a Galiza, bom Natal para todos esses galegos admiraveis que conhecin em Trier e que me deixaram saudades de vocês. Adotei a vosa terra. Quero ser adotada por vocês. Até escrevi um poema para o Xesús Alonso Montero que te copio. Vês se gostas. Ele publicou no *Faro de Vigo* coisas muito belas a nosso respeito. Talvez não merecemos tanto. Ou só pelo facto de vos querermos muito ¹¹.

Recebi a espléndida edição do Cancionero de Joan Airas de José Luis Rodríguez¹². Obrigada.

⁸ “Carta a don Manuel Rodrigues Lapa”, *Grial*, 42, 1973, pp. 389-402.

⁹ Na carta de invitación o profesor Kremer propúxome:

De importancia me parece ser, sin duda, la “mesa redonda” prevista. Nuestro colega M. Rodrigues Lapa, ha aceptado tomar a su cargo una exposición inicial que sirva de base a la discusión posterior. Quisiera preguntarle si estaría Vd. dispuesto a defender la tesis contraria como contribución a encauzar la discusión, y le quedaría muy agradecido si le fuera posible aceptar mi propuesta (Trier, 1-4-1980)

¹⁰ A sección, no *Faro de Vigo*, titulábase “A eira das palabras”.

¹¹ Son os artigos citados nas notas 5, 6 e 7.

¹² Refírese a *El cancionero de Joan Airas de Santiago* (ed. e est. de José Luis Rodríguez), Universidade de Santiago, 1980 (Non chegou a publicar a anunciada reseña).

Logo que possa vou fazer a resenha que merece. Mas é preciso tempo. Pois é preciso estudar tudo, para não dizer banalidades. Em aqualquer caso, se tu vires a José Luis Rodríguez, diz-lhe que lhe agradeço a ele também e que desde já, embora ainda de longe, dou-lhe todos os meus parabéns.

Que belo conhecer-vos, que belo o facto de existir Galiza!

Ti abbraccio con tanto affetto e molta riconoscenza

Ciao Ramón

Luciana

Cando, hai poucos meses, lin esta carta a Piñeiro, sorprendéronme dúas cousas: que non me enviase a min o poema e que consignase, no final, Trier-Vigo, pois cónstame que Luciana non veu, á cidade na que eu residía, inmediatamente despois do Coloquio en Trier. Pasado bastante tempo, envioume por man amiga, a do profesor Carlos Alvar, un exemplar, dedicado, do seu poemario *La terra dei lotofagi. Poesie con note* (1993), xa citado neste traballo. Foi nese ano cando lin o poema, recolleito con fidelidade na páxina 41 pero co título “Cantabile di Galizia” e sen a mención xeográfico-cronolóxica. Velaquí o poema na versión enviada a Piñeiro e que eu ignorei durante trece anos:

Galizia

Per Xesús Alonso Montero

Qui la gente si chiama Xesús
perché Gesù è nome di rivoluzione

Qui la farfalla si chiama pampona
perché pampona non è mariposa
perché pampona non è borboleta

Chi fa lingua fa rivoluzione

Qui la gente si scava per trovarsi
belladdormentata sotto i secoli
che la polvere del tempo ha impallidito

Qui biancospina sulla cima il pino
e le vedove bianche nelle rias
piangono amici che non hanno avute

Qui i poeti si chiamano Mendiño
che non è nome e sta per Poverello
Qui i poeti si chiamano Rosalia
senza cognome e sta per Poesia

Trier-Vigo, novembre 1980

Na edición impresa figura, na páxina 71, esta nota:

CANTABILE DI GALIZIA— La farfalla, che trascorre con nomi diversi da lingua a lingua, in castigliano si chiama mariposa, in portoghese borboleta. Ma in galego vanta un nome proprio, pampona, quasi a sottolineare i due crinali di nazionalità esistenti fra una Galizia che parla una lingua quasi coincidente con la portoghese, ma che appartiene politicamente alla Spagna e che, nell'opinione dei molti dei suoi abitanti, vorrebbe vedere fissata una propria lingua, registratrice delle differenze che nei secoli hanno caratterizzato questa regione. Nella sua redazione originale, poesia, che è circolata in Spagna e Galizia negli anni Ottanta, era dedicata a Xesús Alonso Montero, un caro amico autonomista galego. Nella penultima strofa essa allude naturalmente alle medievali cantigas de amigo galego-portoghesi e al celebre *Ai flores do verde pino* del rei Don Dinis, quello che Dante troverà nella valletta amena di Par. XIX, 139. Le vedove bianche sono le donne degli emigranti che, come le loro sorelle medievali, piangono un amico lontano e forse mai goduto. Quando al Mendiño è un giullare galego del XII sec. divenuto simbolo della baia di Vigo da lui cantata in quella che forse è la più bella poesia di questo canzoniere medievale. E Rosalia è Rosalia de Castro che a mezzo l'ottocento contribuisce co i suoi *Cantares gallegos* (1863) a dare dignità di lingua al dialetto della regione.

Xa aquí reproduzo unha breve carta que Luciana me escribiu, anterior, en dez días, á enviada a Piñeiro:

Roma, 5 de decembro de 1980

Amigo Xesús:

Também para mim Trier foi un mareo. O inicio de um novo trecho da minha vida. A invenção da Galiza.

Não te podendo agradecer de outra forma tudo o que disseste sobre mim, tão arinhoso, tão amigo, fiz este poema. Dedico-to- E voltarei a escrever.

Un abraço de

Luciana

Eu, que teño boa memoria, especialmente para o que me interesa (no que non son moi orixinal), non lembro ter recibido copia mecanográfica do poema, pese a que na carta seguinte (28-12-1980) me interpela nestes termos: “Recebeste o meu poema? Gostate? Vás traduzir para galego?”

No momento en que escribo consulto unha e outra vez o meu epistolario con Luciana e canto papel fai referencia a ela, e non atopo o poema. Pero pagaba a pena reproducir a carta do 5 de decembro por unha afirmación da autora: “A invenção da Galiza”. En termos semellantes escribía a Ramón Piñeiro.

6. OS ÚLTIMOS ANOS

Luciana seguiu escribindo a Piñeiro, ás veces coa delicadeza das nobres damas da Filoloxía para mancar ó amigo o menos posible. Na carta do 24 de xuño de 1984 exponlle:

Prometin à Agal de Ourense participar num congresso da galegitude de 24 a 28 de Setembro. Mas sei que tu não irás. Estas coisas da galegitude são complicadas para nós. Eu tenho cultura insuficiente para decidir. Vi que o Celso ia, que o Rodrigues Lapa estava, que estavam outros amigos. Pensei numa bela festa de amigos. Não será assim? Não sei, não sei. Gostava voltar a Santiago, subir os degraus da tua casa e ouvir-te falar em volta da mesa aprelhada. Porque tanta tristeza? Porque a gente morre

Um abraço saudoso da tua amiga

Era consciente Luciana de que no Congreso da AGAL, institución lusista, Piñeiro non se atoparía cómodo (“sei que tu não irás”) e tamén era consciente de que o Congreso de Ourense non respondía ós criterios, para o futuro do idioma galego, que Piñeiro viña defendendo desde había moito tempo. Aínda así, e recoñecendo que son “complicadas para nós as cousas da galegitude”, pensa vir a Galicia. E veu. Eu mesmo, á marxe do Congreso, funa saudar a Ourense e pasamos unha tarde en Ribadavia, que non coñecía, na compañía de Xesús (Chucho) Sánchez Orriols, intelectual que a deslumbrou.

Poucos anos despois, en 1990, publicouse un groso volume de *Homenagem a Luciana Stegagno Picchio*¹³ no que Piñeiro, aínda que non colabora,

está presente na “Tábula gratulatoria”. Dos que fomos a Trier colaboramos dous: Xosé Filgueira Valverde (“A servidume de amor e a expresión feudal dos Cancioneiros”, pp. 185-205) e mais eu (“Fortuna literaria de Mendiño”, pp. 85-109).

Sei ben canto sentiu a morte de Ramón Piñeiro, moi presente nas nosas conversas as dúas veces que veu a Galicia desde 1990. A primeira foi para presidir o tribunal que xuzgou, na Universidade da Coruña, a tese de doutoramento de Laura Tato, do que eu tamén formaba parte. Ese día (29-11-1996) asistiu, invitada por min, á sesión na que a escritora Luz Pozo Garza ingresou, como numeraria, na Real Academia Galega, e na que eu fun o autor do discurso de resposta.

A última visita a Galicia foi en maio de 1998, a un lugar moi cobizado por ela: a illa de San Simón. Era o ano en que o Día das Letras Galegas se dedicou ós tres poetas medievais da ría de Vigo (Martín Códax, Xoán de Cangas e Mendiño). Ese día, antes da súa intervención, presentei a un vello militante do Partido Comunista, Manuel Barros, que estivera preso na illa, ós 16 anos, en 1936. A filóloga antifascista saudou con efusión ó comunista de Redondela (1920-2007) e entendeu axiña o significado do poema de Valentín Paz-Andrade “Illa do amor, illa da morte” (1976), que eu reproducín, como apéndice, no traballo sobre Mendiño publicado na súa *Homenagem* (1990). O día 12 de maio de 1998, *La Voz de Galicia* dedicou un suplemento especial á nosa lírica medieval, suplemento encabezado por un artigo da nosa filóloga, “O mar das cantigas”. Eu, pensando, sobre todo, nela, colaborei cun artigo titulado “A illa de San Simón: da canción á represión”.

Faleceu a eminente filóloga -a nosa Luciana- o 28 de agosto do ano pasado. Eu escribín unha nota necrolóxica¹⁴ na que lembraba algúns dos agasallos filolóxicos que me ofreceu desde o noso encontro en Trier, un deles a tradución italiana da Cantiga de Mendiño¹⁵. Días despois, recordei a súa intensa relación literaria con Ramón Piñeiro¹⁶. Hoxe exhumo, non sen emoción, parte do seu epistolario.

¹³ Lisboa, Difel, 1990.

¹⁴ “Na morte de L. S. P.”, *La Voz de Galicia*, 13-9-2008.

¹⁵ Que publiquei nunha edición multilingüe no folleto *Homenaxe a Meendiño*, Colexio Universitario de Vigo, 1982. Por certo, na versión, por “lapsus” omite unha estrofa, que subsana noutra edición que eu preparei: A cantiga de Mendiño en 28 linguas, Xunta de Galicia, 1998.

¹⁶ “R. P e L. S. P.”, *La Voz de Galicia*, 20-9-2008.